

REUNIÓN INFORMATIVA CONCURSO MÉRITOS

RESUMO REUNIÓN INFORMATIVA CONCURSO DE MÉRITOS ESTABILIZACIÓN (29-05-23)

O Estado publicará hoxe a resolución provisional de adxudicación do concurso de méritos de estabilización das administracións educativas do pacto do Estado.

Galicia publicará tamén hoxe a súa resolución definitiva.

No ámbito do Estado, as persoas que obteñan máis dunha especialidade no mesmo corpo terán un prazo de 5 días hábiles para presentar escrito de aceptación nunha única praza. No caso de non presentar renuncia optarían pola de maior puntuación ou pola na que se acredite maior experiencia en centros públicos contada en anos, meses e días.

Se **algún dos aspirantes resulta tamén seleccionado** en resolución ditada nos mesmos prazos **nunha comunidade distinta ás do acordo do Estado terá tamén que presentar, no prazo de 5 días hábiles, un escrito de aceptación ou renuncia da praza obtida no ámbito do acordo do Estado.** No caso de **que non presenten escrito de aceptación ou renuncia o Estado entenderá que renuncia** á praza que lles corresponde das obtidas no acordo do Estado.

Cruzados os datos coa resolución provisional do Estado que se vai a publicar e coa resolución de Galicia saen 187 persoas que obteñen unha praza da mesma especialidade en Galicia e no ámbito do acordo do Estado. Os que queiran quedarse coa praza do ámbito do Estado terán que facer renuncia en Galicia (no ámbito do Estado terán que presentar escrito de aceptación ou renuncia como se mencionaba anteriormente). **No caso de que non se efectúe dita renuncia por escrito en Galicia, a administración galega entenderá que hai unha renuncia tácita á adxudicación en Galicia sempre e cando aceptasen por escrito a praza obtida no ámbito do acordo do Estado. OLLO!!!, PRECAUCIÓN: os participantes que obteñan praza en Galicia e praza nalgunha outra Comunidade do ámbito do acordo do Estado e desexen quedarse con esta última deben ter a precaución de ACEPTAR POR ESCRITO A PRAZA DO ESTADO (no caso de que renuncien en Galicia pero non presenten dito escrito de aceptación no ámbito do Estado corren o risco de quedarse sen ningunha das prazas obtidas)**

En relación ao caso da Comunidade de Galicia: as persoas que resultaron adxudicadas na resolución provisional en varias especialidades do mesmo corpo efectuaron renuncia menos 4 persoas. A esas 4 persoas se lles aplicou o recollido na orde de convocatoria e van a obter a praza na especialidade onde estaban prestando servizos.

Hai tamén outras 4 persoas que, non estando obrigadas a renunciar, presentaron renuncia á adxudicación. Houbo 7 persoas que obtiveron praza en máis dun corpo, das cales 3 renuncia a un dos corpos.

REUNIÓN INFORMATIVA CONCURSO MÉRITOS

Como consecuencia das renuncias quedaron 12 prazas no corpo de mestres e 85 nos corpos de secundaria (72 no 590, 4 no 592, 3 no 594, 1 no 595, 1 no 596 e 4 no 598) que quedaron desertas. Este pasado venres fíxose unha nova readxudicación de ditas prazas das que saíron novamente persoas adxudicadas en máis dunha especialidade coas que se contactou por parte da administración e que xa optaron por unha delas e xeraron á súa vez novas vacantes. Con estas novas vacantes farase nova adxudicación na que é posible que saían novas duplicidades. Estas novas duplicidades xa se resolverán usando os criterios da orde de convocatoria (polo tanto non se contactará coas persoas afectadas). Seguirán lanzándose adxudicacións ata chegar á duplicidade 0 e cando isto ocorra publicárase a adxudicación definitiva.

Unha vez publicada deberán presentar renuncia en Galicia se queren unha praza obtida (mediante resolución provisional ou definitiva) noutra administración educativa do Estado. Os que desexen quedarse coa praza de Galicia non terán que facer nada.

Haberán prazo fora dos 5 días hábiles para aceptar renuncias por causas xustificadas.

Tamén se publicará unha resolución excluindo da participación no concurso oposición ás persoas que obteñan definitivamente unha praza no concurso de méritos de estabilización.